

POLÍTICA DE CALIDADE



AFER FORMACIÓN somos un Centro de Formación cuxa finalidade é formar persoas de acordo cos principios e valores da sociedade actual.

Todo o equipo humano que compón AFER FORMACIÓN temos uns principios comúns: *profesionalidade, integridade e entusiasmo* polo traballo ben feito, con iniciativa e emprendedores, plenamente involucrados na misión do Centro.

Pretendemos mellorar a nosa capacidade de aprendizaxe mediante o desenvolvemento das competencias e habilidades das persoas que traballamos AFER FORMACIÓN, e un sistema de xestión do coñecemento que promova o acceso e o uso compartido da información, favorecendo un clima que reforce a relación e a corresponsabilidade de todas as persoas.

Querémonos diferenciar por prestar unha oferta de servizos adaptada ás necesidades actuais, contando cos últimos medios tecnolóxicos e a permanente actualización dos docentes de AFER FORMACIÓN.

Para iso, a dirección comprométese a:



- Proporcionar os medios económicos, materiais e humanos necesarios para desenvolver unha oferta formativa e impartir unha formación de calidade.
- Implantar e manter actualizado un sistema de xestión da calidade do conxunto da organización orientado á mellora continua.
- Facilitar un plan de formación anual que permite que os docentes estean en permanente actualización.
- Comprometernos coa seguridade nas nosas instalacións, tanto das persoas como dos datos que se manexan.

Todo o noso labor, non sería posible sen a colaboración duns bos profesionais, con vocación e experiencia docente, así como especialización na materia encomendada, que se adapta e cumpre as normas establecidas polo centro e a Administración

A Dirección

Xullo 2011.v0